



## Concello de Castrolverde

**Expediente núm.: 51/2023**

**DECRETO.-** En Castrolverde, na data da sinatura electrónica á marxe.

Visto que, ao abeiro da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023, tense concedido a este concello unha subvención por importe de 13.664,52 euros, para a contratación dunha (1) persoa, coa categoría de peón, ao 75% de xornada, por un período de 9 meses, , para execución do servizo de  
“ Revalorización de espazos públicos”

Formulada a correspondente oferta de emprego diante da Oficina de emprego Lugo Sur, pola mesma tense remitido o resultado da selección.

De conformidade coas bases da convocatoria, aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 8 de maio 2023, polo presente, RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Aprobar a seguinte relación de aspirantes remitida pola Oficina de Emprego Lugo Sur:

- María Irene Villarino Ferreiro.

**SEGUNDO.** Solicitar a vinculación nominal á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade dado que o formulario de selección da oferta (12-2023-4945) enviado polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) a este Concello só consta a candidata mencionada.

**TERCEIRO.** Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Castrolverde e na súa páxina web a presente Resolución, aos efectos oportunos.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, don Xosé M<sup>a</sup> Arias Fernández, do que eu, secretario-interventor, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

